

## G

**GACIÑO BARRAL, Xosé Antonio.**—Fillo de pais galegos, naceu en Cádiz o 4 de abril do 1945. Cursou a carreira de periodismo en Madrid, e colaborou ali en diversos xornais. Trasládouse despois á Coruña, onde exerce a profesión. Foi tamén director do «Diario de Galicia» de Vigo.

No ano 1978 publicou un traballo sobre os *Partidos e grupos políticos*. Dous anos despois escribiu outro, referente a *Unha nova dinámica política*. No mesmo 1980 editou, en colaboración con Manuel Rivas, un libro titulado *Informe dunha frustración*. Trátase nel do proceso de elaboración do Estatuto autonómico para Galicia.

**GALLEGO DOMÍNGUEZ, Olga.**—Leva realizado un intenso labor de pescuda arquivística. Naceu en Ourense o 8 de decembro do 1923. Cursou o bacharelato na cidade natal, e a carreira de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago. Ingresou despois por oposición no Corpo facultativo de Arquivistas, Bibliotecarios e Arqueólogos. Foi Directora do Arquivo Histórico Provincial ourensán ata o mesmo momento da súa xubilación. Fixo importantes traballos de organización de Bibliotecas, como os da «Fundación Penzol» en Vigo. É membro numerario da Real Academia Galega.

Entre os diversos textos que publicou, hai que anotar: *Protagonistas do galeguismo no Arquivo da Fundación Penzol*; *Unha xoia bibliográfica* desta Biblioteca; *Guía das coleccións bibliográficas e documentais* da mesma, feita en colaboración con Pedro López, editada no 1980; e *Introducción á Arquivística*.